

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

28 de outubro de 2017

Sede Afundación, Santiago de Compostela

Dáse inicio á asemblea ás 17:30, con 16 socios presentes.

- *Lectura da orde do día*

- *Lectura da acta da asemblea anterior*

Aprobación da acta da asemblea anterior con 16 votos a favor

- *Lectura do informe económico do anterior exercicio e a previsión para o seguinte.*

Lese o informe de tesourería, que é como segue:

Ingresos: 18.502,67 euros

Deles, 16.518,47 euros proceden basicamente das cotas de socio, e 1.984,20 de subvencións (correspondentes á outorgada na convocatoria ordinaria de subvencións da Deputación da Coruña de 2015; houbo ademais 6.000 euros do convenio coa Xunta de Galicia, que foron ingresados xa en 2017, e por iso non aparecen no informe económico de 2016).

Gastos: 22.465,34 euros

Deles, 9.519,34 euros son de servizos profesionais (secretaría técnica, charlas e colaboracións para a Guía Ninja do Ilustrador, relatorios do Encontro etc.), 5.515,08 euros están relacionados co aluguer da sede, 3.152,24 euros son doutros servizos (que abranguen desde a impresión do Guía Ninja ata o mantemento da web de Agpi, pasando polo hotel do convidado do Encontro), e 1.733,57 euros de "dietas" (que inclúen non só as axudas de custo de directiva e colaboradores senón tamén gastos de viaxe de convidados e o xantar dos socios do ano pasado).

Os resultados son, pois, un balance negativo de **3.962,67 euros**. A razón non é outra que o feito de non poder contabilizarse os 6.000 euros do convenio coa Xunta, que foron ingresados a principios de 2017. Se chegasen en decembro de 2016, como estaba previsto, o balance final sería de **2.037,33 euros** en positivo.

Se analizamos a conta bancaria, comezouse o ano con 4.407,63 euros nela, e acabouse con 853,22 euros. Xa a mediados de xaneiro de 2017 as contas volveron estar en arredor dos 5.000 euros, e a mediados de febreiro, cando a Xunta ingresou efectivamente o diñeiro, estaban arredor dos 9.000 euros.

• **PREVISIÓNS DE TESOURERÍA PARA O ANO EN CURSO**

A conta bancaria da asociación está nestes momentos en arredor dos 8.000 euros; a falta de efectuar aínda gastos comprometidos relacionados cos proxectos en desenvolvemento (Encontro Galego de Ilustración e renovación

da web agpi.es), e tendo en conta que unha vez xustificadas a asociación recibirá aínda parte do diñeiro do convenio coa Xunta (a outra parte pediuse por adiantado, para evitar adiamentos que puidesen complicar a liquidez momentánea da asociación), cóntase con acabar o ano cunha cifra aceptable na conta.

Para o ano 2017 solicitouse á Deputación da Coruña unha subvención por material, para a que se concederon 2.210,00 euros (para un gasto total de aproximadamente 3.250 euros). Por outra parte, a colaboración co Colectivo Miñoco para organizar o evento Graphic Jam na Coruña supuxo adiantar 2.043,57 euros, que serán reembolsados polo Concello da Coruña, previsiblemente antes de finalizar o ano.

Apróbase o informe económico con 16 votos a favor

- *Repaso de actividades de 2016-2017:*

Graphic Jam: explícase o proxecto para quen non o coñecese. Fálase da valoración do evento, a nivel de participación, e a intención de organizar outras edicións nun futuro.

Renovación da web: preséntanse as seccións que requiren de participación dos socios. Entre os presentes sinálanse posibles modificacións a presentar á empresa deseñadora da web (Trama Solutions). Chégase á conclusión de que unha vez rematada a web e enchida de contido, haberá que facer promoción entre empresas.

Día da Ilustración: Alberto Guitián, coordinador do proxecto, explica aos asistentes as melloras que se conseguiron con respecto á anterior edición. Un orzamento a maiores do convenio, para realizar un vídeo homenaxeando a unha figura histórica da ilustración. Este primeiro ano foi dedicado a Álvaro Cebreiro. Ademais, desde a dirección de bibliotecas quixeron contar cunha ilustradora para o cartel, e vaise manter nesa liña o seguinte ano.

- *Proxectos para 2018:*

Material para Feiras: existe a necesidade de crear un novo “catálogo” co traballo dos socios, que se poida utilizar para outro tipo de promoción (p. e. entre empresas). Pensar nun formato manexable e económico (baralla de cartas, caderno). Posibilidade de facer unha pequena tirada para distribuír en feiras, e despois outra tirada para distribuír entre empresas e outros usos. Alternativa para que os socios teñan material propio no stand, pedindo referencia (título, editorial e ISBN) para solicitar as editoriais. Xestionar a limitación de 20 kg coa Xunta/Bibliotecas.

Encontro 2018: 15.º aniversario. Proponse mudar o nome, mantendo o subtítulo de Encontro Galego de Ilustración, e investir gran parte do orzamento do convenio en facer unha edición máis completa, con máis charlas, varios días, posibilidade de obradoiros ou clases maxistras e maior investimento en difusión. Ponse como exemplo o Bill Festival da APIC. Busca doutras axudas económicas (Deputación etc.)

Colaborar con outras asociacións/colectivos, como a cooperativa 7H, que ten socios que son ao tempo socios da AGPI, ou Cestola na Cachola, cooperativa socia da AGPI. Posibilidade de que 7H xestione cursos co apoio de AGPI.

Mellorar a relación coas escolas de artes. Posibilidade de ofrecerlle a un mestre da escola ser socio “colaborador” da asociación, para intentar que participe e conseguir facer actividades coas escolas.

Reactivación de FADIP. Necesidade de reactivar FADIP e de que as apis entendan a necesidade de coordinación a nivel nacional (caso da enquisa de APIM que pasou por unha enquisa nacional pero se fixo unilateralmente). Medio para poñer en común problemáticas como a falta de participación, como organizar eventos, cursos etc.

- *Elección de nova directiva*

Ante a inexistencia de candidaturas alternativas, renóvase a directiva existente coa incorporación de tres novos membros: Orelí Pello, que se propón como colaboradora para conectar coas escolas, Laura Cortés e María Ruíz.

A directiva queda constituída pois por: Sergio Covelo (presidente), María Álvarez Hortas (secretaría), Aida Alonso (tesoureira), Xan Carpentente, Laura Cortés, Alberto Guitián, Santy Gutiérrez, Flavia Lago, Orelí Pello, Daniel Rodríguez 'Lizartonne' e María Ruiz.

Apróbase todo o falado na asemblea con 15 votos a favor

Ás 20:00 conclúe a asemblea.